

Chegou un momento en que houbo que engadir outro piso á casa de Clementina: os obxectos amontoábanse a decenas.

Clementina, coa súa casa de dous pisos ás costas, xa non podía moverse.

Arturo leváballe a comida e isto facíaa sentirse importante.

- Que farías ti sen min? -diciálle.

- Claro -suspiraba Clementina- Que faría eu sen ti?

Pouco a pouco, o segundo piso tamén estivo cheo. Arturo encontrou a solución: tres novos pisos sumáronse aos dous primeiros. A casa de Clementina era xa un rañaceos cando, unha mañá de primavera, decidiu que aquilo non podía seguir.

Deslizouse sobre as puntas dos dedos dos pés pola porta de atrás e saíu dar un paseíño.

Foi marabilloso pero curto: Arturo viría comer e tería que encontrala na casa. Coma sempre.

Pouco a pouco, o paseíño converteuse nun costume e Clementina estaba cada día máis satisfeita da súa nova vida.

Arturo non sabía nada, pero sospeitaba que ocorría algo.

- Por que sorrís todo o rato? -dixo- Pareces parva!

Pero esta vez a Clementina non lle preocupou en absoluto.

Agora saía de casa en canto Arturo volvía as costas.

Arturo encontrábala cada día máis rara, e a casa máis desordenada, pero Clementina era feliz e as rifadas deixaran de importarlle.

E un día, Arturo encontrou a casa baleira.

Sentiuse sorprendido, indignado, resentido. Moito máis tarde, ao contar a súa historia, diciálles aos seus amigos:

- Que ingrata, a tal Clementina! Non lle faltaba de nada, vinte e cinco pisos tiña a súa casa. Vinte e cinco pisos! E cheos de tesouros...!


As tartarugas viven moitísimos anos.

Seguramente Clementina segue viaxando polo mundo. Tal vez toque a fruta ou pinte fermosos cadros...

Se atopas unha tartaruga sen casa, chámala:

Clementina! Clementina!

Quizais che responda, pero non é seguro: moitas outras tartarugas seguiron o seu exemplo.



# ARTURO E CLEMENTINA

Adaptación da obra de ADELA TURÍN con ilustracións de Nella Bosnia.  
EDITORIAL LUMEN, S.L.




**8 DE MARZO DE 2009**

**Día da Muller**

**BIBLIOTECA  
CEIP DE Palmeira**





UNHA FERMOUSA MAÑÁ de primavera, Clementina e Arturo, dúas novas e fermosas tartarugas rubias, coñecéronse ao borde dun estanque. E aquela mesma tarde decidiron casar.

Clementina, alegre e despreocupada, facía mil plans para a súa vida futura, mentres paseaban á beira do estanque e pescaban, de vez en cando, un peixiño para a cea.

Clementina dicía:

- Xa verás que felices seremos: viaxaremos e descubriremos outros estanques e outras tartarugas. Atoparemos outras clases de peixes, outras plantas e outras flores, ao longo dos ríos. A vida será maravillosa. Iremos mesmo ao estranxeiro... Mira, sempre soñei con visitar Venecia...

E Arturo sorría, aparentemente de acordo. Pero os días pasaron, todos iguais, ao borde do estanque. Arturo decidira ir el só a pescar, para que Clementina puidera descansar. Á hora da cea, chegaba cargado de cágados e caracois, e preguntábase a Clementina:

- Cómo estás, cariño? Pasaches un bo día?

E ela suspiraba:

- Aburrinme moito, todo o día soa e esperándote!

- Aburrícheste??? -indignábase Arturo-. Aburrida? Pois busca algo que facer, o mundo está cheo de ocupacións interesantes. Só se aburren os parvos!

Clementina avergoñábase de ser parva, pero seguíase aburrindo igual.

Un día, cando volveu Arturo, díxolle Clementina:

- Gustaríame ter unha fruta. Aprendería a tocala e a música me distraería. Mesmo podería inventar bonitas cancións...

A Arturo a idea pareceulle absurda:

- Ti? Tocar a fruta, ti? Estou seguro de que nin sequera conseguirías distinguir as notas. Coñézote ben. Ademais, cantas fatal.

Aquela mesma noite, Arturo chegou cun bonito gramófono e cun disco, e atoullo á casa de Clementina, mentres lle dicía:

- Ben, así non o perderás... Es tan distraída!

Clementina deulle as grazas. Pero aquela noite custoulle durmirse. Preguntábase por que tiña que cargar con aquel pesado gramófono en lugar de cunha lixeira fruta, e si era verdade que non puidera aprender

solfo e que era tan distraída.

Despois, un pouco confusa, decidiu que probablemente era así, posto que Arturo, que era tan intelixente, o dicía. E, cun suspiro resignado, durmíuse.

Durante algún tempo, Clementina escoitou o disco. Despois cansouse. O gramófono era, de todos modos, un obxecto bonito, e entretívose, limpándoo e sacándolle brillo. Pero pasados uns días, volveu a aburrirse terriblemente.

E un atardecer, mentres vían como se elevaba a lúa sobre o mesmo pequeno estanque de sempre, Clementina dixo:

- Sabes, Arturo, algunhas veces vexo unhas flores moi bonitas e de cores tan estrañas, que me dan ganas de chorar... Gustaríame ter unha caixa de pinturas e poder copialas.

- Vaia idea ridícula! -respondeu Arturo-. Acaso te cres unha artista? Que bobada!

E ría, ría, ría...

Clementina pensou:

- Vaia, xa volví dicir unha parvada. Teño que ir con moito coidado, ou Arturo arrepentirase de ter unha muller tan estúpida.

E esforzouse en falar o menos posible. Arturo deuse de conta axiña.

- Teño unha compañeira realmente aburrida. Non fala nunca, e, cando fala, non di máis que parvadas -pensou.

Pero sentíase un pouco culpable e, aos poucos días, compareceu cun gran paquete.

- Mira, encontrei a Román, o meu amigo pintor, e compreille un bonito cadro para ti. Dicías que che interesaba a pintura... Aquí está. Átao ben, porque, co descoidada que es, poderías perdelo. E é caro.

A carga de Clementina aumentou pouco a pouco.

Un día engadiuse unha xerra de Murano.

- Non dicías que che gustaba Venecia? Pois aquí tes, cristal veneciano! Ten coidado de que non che caia. Es tan torpe!

Outro día, Arturo compareceu cunha colección de pipas austríacas, dentro dunha vitrina.

Despois foi unha enciclopedia de doce volumes, que fixo suspirar a Clementina:

- Se polo menos soubese ler!